

ENCARGO Á FUNDACIÓN DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA A XESTIÓN DAS RESIDENCIAS UNIVERSITARIAS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. A Universidade da Coruña (a partir de agora UDC) conta con residencias públicas universitarias, unha no campus da Coruña (residencia pública universitaria Elvira Bao) e outra no campus de Ferrol (residencia pública universitaria de Ferrol). O número de prazas ofertadas actualmente é de 108 e 25 respectivamente, cunha demanda moi elevada.

SEGUNDO. O artigo décimo terceiro dos Estatutos da Fundación da Universidade da Coruña establecen que a FUAC é un medio propio instrumental e un servizo técnico da Universidade da Coruña (a partir de agora UDC), e a relación da FUAC coa UDC considérase, para todos os efectos, de carácter interno, dependente e subordinado, e artículase a través de encargos, de conformidade co previsto na Lei de contratos do sector público (LCSP).

TERCEIRO. A FUAC desde a súa creación, en 1997, vén desenvolvendo iniciativas e acumulando experiencia con entidades públicas e privadas, a nivel autonómico, estatal e europeo, polo que ten a capacidade e os recursos axeitados para impulsar a transferencia de coñecemento da UDC e apoiar a xestión dos grupos e servizos da UDC.

CUARTO. A UDC conta coa necesidade de prestar un servizo eficiente e ten insuficiencia de medios propios para a xestión de residencias, xa que non é unha das súas funcións estatutarias. A UDC pode acreditar a conveniencia de realizar os traballos a través desta figura por se dar estas circunstancias: a) ser unha opción máis eficiente que a contratación pública e resultar sustentable e eficaz, se se aplican criterios de rendibilidade económica; b) resultar necesario por razóns de seguridade pública ou de urxencia na necesidade de dispoñer dos bens ou servizos fornecidos polo medio propio ou servizo técnico.

QUINTO. O reitor da UDC propón a xestión técnica, administrativa e económica da FUAC para administrar as residencias universitarias da UDC conforme ao seguinte,

ENCARGO DE XESTIÓN

PRIMEIRO. Este encargo baséase no artigo 32 da LCSP, por tanto, ten un carácter obrigatorio para a FUAC, que a deberá aceptar e executar conforme ás instrucións técnicas, administrativas e académicas da UDC para a interpretación dos traballos encomendados e o seguimento destes.

SEGUNDO. A competencia das dúas residencias públicas universitarias seguirá sendo da UDC, que será a que estableza as tarifas, a normativa interna e as bases de acceso ás residencias. A FUAC unicamente se encargará da súa xestión diaria e da actividade operativa destas.

As tarefas obxecto deste encargo que debe realizar a FUAC, así como os requisitos para as desenvolver, son a de dar apoio técnico, administrativo e económico para realizar as actuacións que figuran como anexo I a este encargo.

TERCEIRO. De acordo co artigo 3 do *Regulamento de réxime interno das residencias universitarias públicas da Universidade da Coruña*, aprobado polo Consello de Goberno da UDC do 19/7/2018, a dirección técnica deste encargo é competencia da:

- vicerreitoría con competencia no campus de Ferrol, que será responsable de exercer a superior dirección e supervisión das residencias do campus de Ferrol.
- vicerreitoría con competencia en estudantes, que será responsable de exercer a superior dirección e supervisión das residencias do campus da Coruña.

A responsabilidade do encargo recaerá na Xerencia que poderá nomear un/unha interlocutor/a coa FUAC.

Código Seguro De Verificación	SubSb1Vj/RSTrpdBM8h/6g==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	13/01/2023 09:35:25
Observacións		Páxina	1/5
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/SubSb1Vj/RSTrpdBM8h/6g==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



CUARTO. O orzamento para executar este encargo estará condicionado ao estipulado no anexo I.

O orzamento de ingresos para executar este encargo virá determinado pola aplicación das tarifas establecidas pola UDC e polo número de prazas ofertadas. Estas tarifas e as prazas detállanse cada curso na convocatoria de prazas de aloxamento que publica a UDC e nas instrucións de asignación de prazas vacantes e prezos públicos das residencias públicas universitarias da UDC, que tamén se aproban e publican cada curso.

A FUAC ingresará o orzamento coa aplicación das ditas tarifas ás persoas aloxadas nas residencias. A FUAC deducirá o IVE que resulte de aplicación e, por tanto, estas tarifas enténdense co IVE incluído.

QUINTO. O pagamento ou cobro da cantidade estipulada realizarase tras a xustificación das tarefas executadas e a certificación do gasto realizado.

Haberá unha tarifa pola cal a UDC pagará por esta xestión. Haberá unha liquidación, posto que o encargo non pode supor custo para a FUAC, que se fará ao final de cada curso académico co resumo de ingresos e gastos que figuran no anexo I.

Todas as certificacións presentadas pola FUAC serán conxuntas entre a Dirección Técnica e a Xerencia da FUAC. A/s certificación/s será/n emitida/s pola FUAC, para a xustificación ante a UDC, cando lle sexa requirido pola Dirección Técnica establecida na cláusula terceira deste encargo.

As certificacións incluírán:

Gastos directos. Serán xustificadas dentro da certificación conxunta e representarán (como mínimo) o 92,5 % da contía indicada na cláusula cuarta. Terán a consideración de gasto elixible os seguintes:

- Gastos de xestión e finalización (ou indemnización) de contratos de persoal. Xustificaranse coas correspondentes dedicacións e custos laborais de cada caso.
- Gastos de honorarios que deberán facer referencia á actividade encargada á FUAC.
- Gastos de desprazamento entre residencias.
- Facturas de provedores externos.

Todos os custos elixibles deberán estar vinculados ás actuacións encargadas. A Dirección Técnica certificará conxuntamente este extremo.

Gastos xerais. Serán xustificadas dentro da certificación conxunta. Da contía indicada na cláusula cuarta, e conforme á encomenda xeral de servizos da UDC á FUAC, o importe dos gastos xerais será como máximo o 7,5 % do total do importe. En concreto, este encargo executarase tal como se indica de seguido:

- 2,5 % para a secretaría técnica (ST) da FUAC
- 5 % para a xestión económica da FUAC

Os custos xerais imputados pola FUAC polas tarefas denominadas de ST e xestión económica non requirirán xustificación.

Ingresos cobrados. A FUAC cobrará as tarifas aprobadas en nome da UDC e serán a conta da liquidación final.

A certificación económica conxunta entre a Dirección Técnica e a Xerencia da FUAC remitíraselle en prazo e forma, cando así sexa indicado pola Dirección Técnica, á unidade designada segundo a cláusula terceira deste encargo.

Código Seguro De Verificación	SubSb1Vj/RSTrpdBM8h/6g==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	13/01/2023 09:35:25
Observacións		Páxina	2/5
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/SubSb1Vj/RSTrpdBM8h/6g==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



A FUAC conservará todos os documentos xustificativos do gasto directo, que quedarán debidamente custodiados e á disposición da UDC, en canto poidan ser obxecto de actuacións de comprobación e control.

Os gastos de persoal xustificaranse coas correspondentes dedicacións e custos laborais. Os custos imputados serán os vinculados ás actuacións encargadas. Serán elixibles os gastos realizados no ciclo académico correspondente.

SEXTO. A FUAC presentará unha certificación económica como balance final de cada ciclo académico (setembro-agosto), dentro do mes de setembro seguinte. O dito balance final incluirá:

- Ingresos por tipoloxía.
- Gastos segundo o indicado na cláusula quinta.
- Remanente/déficit xerado ou acumulado polas residencias.
- Solicitude de emisión de nota de cargo para reintegro dos remanentes ou, se houberse diferenza negativa, compensación do déficit.

SÉTIMO. A UDC poderá realizar os labores de inspección, comprobación ou seguimento que considerar oportuno sobre a realización dos traballos do encargo. Para este efecto,

- A FUAC levará unha contabilidade analítica separada de ingresos e gasto directo para cada unha das residencias para o que establecerá os criterios operativos para a imputación que corresponder dos gastos xerais.
- A FUAC conservará todos os documentos xustificativos do gasto directo, que quedarán debidamente custodiados e á disposición da UDC, en canto poidan ser obxecto de actuacións de comprobación e control.

OITAVO. Nas súas actuacións xerais, organizativas e de apoio para desenvolver as actuacións encomendadas, a FUAC empregará o galego, para o que utilizará para conformidade lingüística o Servizo de Normalización Lingüística da UDC.

NOVENO. A realización do encargo non suporá a existencia dunha relación funcional nin laboral do persoal da FUAC dedicado ao proxecto coa UDC.

DÉCIMO. É obriga da FUAC publicar este encargo na súa páxina web.

DÉCIMO PRIMEIRO. Este encargo comezará o 16 de xaneiro de 2023 na residencia pública universitaria Elvira Bao e o 1 de xuño de 2023 na residencia pública universitaria de Ferrol e a súa vixencia rematará cando as actuacións obxecto do dito encargo sexan realizadas e debidamente xustificadas conforme ao indicado na cláusula sexta.

A duración deste encargo será ata o 31 de agosto de 2027, e o prazo máximo de xustificación de cada curso rematará o 31 de agosto de cada ano.

DÉCIMO SEGUNDO. Correspóndelle á UDC, a través do departamento indicado na cláusula terceira, a interpretación do encargo, así como resolver as posibles discrepancias que puidesen xurdir na súa execución.

DÉCIMO TERCEIRO. A execución deste encargo de xestión implica o tratamento dos seguintes datos persoais por parte da FUAC (datos identificativos, datos bancarios, situacións persoais necesarias para a correcta prestación do servizo e datos relativos ao uso dos servizos da residencia). No tratamento destes datos, respetarase na súa integridade o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RXP), e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD).

Código Seguro De Verificación	SubSb1Vj/RSTrpdBM8h/6g==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	13/01/2023 09:35:25
Observacións		Páxina	3/5
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/SubSb1Vj/RSTrpdBM8h/6g==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



O tratamento destes datos persoais terá a finalidade prevista neste encargo de xestión, que é a prestación de apoio técnico, administrativo e económico na xestión das residencias universitarias, levando a cabo as actuacións que figuran no Anexo I do encargo. Todas as persoas que entren en contacto con estes datos coa citada finalidade cumprarán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 LOPD.

Como se indica na Cláusula 1ª deste encargo de xestión, a FUAC seguirá as instrucións técnicas, administrativas e académicas da UDC para a interpretación dos traballos encomendados. Deste xeito, actuará como encargada do tratamento dos datos persoais aos que necesitará acceder para o desempeño das súas funcións, e cumprirá polo tanto co previsto no artigo 28 RXP. Destacadamente, non empregará os datos persoais para fins distintos dos estipulados neste encargo, e non comunicará os datos a terceiras persoas nin subcontratará a prestación dos servizos acordados. Así mesmo, atendendo ao artigo 32 RXP, comprométese a adoptar medidas técnicas e organizativas para garantir a seguridade dos datos, e a notificar á UDC a existencia de brechas de seguridade nun prazo máximo de 48 horas desde a súa detección. No mesmo prazo comunicará a UDC as comunicacións que reciba das persoas titulares dos datos, en relación co exercicio dos dereitos recoñecidos na normativa de protección de datos persoais.

Una vez cumprida a prestación pactada, e cando xa non sexan necesarios para continuar co encargo, os datos de carácter persoal serán destruídos ou devoltos á UDC, segundo as instrucións desta última, ao igual que calquera soporte ou documentación na que conste algún dato persoal obxecto de tratamento, deixando a salvo as obrigas de conservación para a posible existencia de responsabilidades legais, só durante os prazos aplicables e conservando os datos debidamente bloqueados.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA. Como queira que as dúas residencias están xa en funcionamento, para non prexudicar os actuais usuarios, as operacións de traslados de ingresos e gastos serán debidamente coordinadas pola UDC e a FUAC, co fin de que antes do 31 de marzo do ano 2023 na residencia de Coruña e antes do 31 de agosto de 2023 na residencia de Ferrol estean xa realizados estes cambios.

Por todo o indicado,

ACÓRDASE

PRIMEIRO. Encargarlle á FUAC as actuacións referidas no apartado segundo deste encargo, relacionadas coa xestión técnica, administrativa e económica da FUAC para a administración das residencias universitarias da UDC.

SEGUNDO. O orzamento para as ditas actuacións financiarase con cargo á partida orzamentaria 1000.422D.22712, de se dar o caso de que a diferenza de ingresos e gastos na liquidación final sexa negativa. Procurarase que o posible gasto que se impute a esta partida non sexa superior en cada liquidación aos 3 000 € en total. Se nalgún curso se superase este importe, a FUAC solicitaríalle previamente á UDC a tramitación urxente do correspondente suplemento de crédito. Se a liquidación final fose positiva, a FUAC ingresará o importe na conta xeral da UDC.

Na data da sinatura dixital

O reitor

Código Seguro De Verificación	SubSb1Vj/RSTrpdBM8h/6g==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	13/01/2023 09:35:25
Observacións		Páxina	4/5
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/SubSb1Vj/RSTrpdBM8h/6g==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



ANEXO I**TAREFAS QUE REALIZARÁ A FUAC NA XESTIÓN DAS RESIDENCIAS PÚBLICAS UNIVERSITARIAS DA UDC E INGRESOS E GASTOS PREVISTOS**

A competencia das dúas residencias públicas universitarias seguirá sendo da UDC, que será a que estableza as tarifas, a normativa interna e as bases de acceso ás residencias.

A FUAC encargárase do seguinte:

1. Da xestión da admisión por formulario e da xestión durante o curso por convocatoria. Faralle unha proposta de resolución xustificada e documentada á UDC.
2. Da xestión diaria.
3. Da xestión da actividade operativa.
4. Da información e o seguimento coa superior dirección das residencias públicas.

Ingresos da FUAC por curso académico:

Residencia pública da Coruña.

Residencia pública de Ferrol.

Ingreso por máquinas expendedoras de bebidas e alimentos.

Gastos por curso académico:**Con cargo á UDC:**

Servizo de controladores: das 8 ás 22 h todos os días, agás os días que peche a residencia.

Servizo de seguridade e vixilancia: das 22 ás 8 h todos os días, agás os días que peche a residencia.

Servizo de limpeza.

Servizo de lavandería interna.

Subministracións de electricidade, auga e gas.

Mantemento e reparacións menores tras recibir o aviso da administración da residencia.

Xestión da admisión das residencias mediante convocatoria.

Con cargo á FUAC:

Administración das residencias coa contratación de persoal.

Material de oficina.

Reparacións urxentes

Reposición de lámpadas.

Cambios de mobiliario por deterioración.

Mantemento de contidos das páxinas web de aloxamento das residencias.

Xestión da admisión das residencias mediante formulario e da xestión durante o curso por convocatoria.

Organización das xornadas de portas abertas das residencias e da organización da chegada ás residencias no mes de setembro.

Organización doutras actividades que se realicen nas residencias ao longo do curso académico.

Código Seguro De Verificación	SubSb1Vj/RSTrpdBM8h/6g==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	13/01/2023 09:35:25
Observacións		Páxina	5/5
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/SubSb1Vj/RSTrpdBM8h/6g==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

